



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CERVO PARA A MELLORA DA ESTRADA A QUINTÁS

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A estrada de Quintás é unha vía municipal de conexión coa estrada a Sargadelos, a CP-15-05 que comunica o núcleo de Cervo co municipio veciño de O Valadouro. A correcta conexión entre a rúa acondicionada e as dúas estradas coas que se cruza facilitará a circunvalación do núcleo urbano de Cervo.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en 1.025.015,53 € IVE incluído. As obras serán co financiadas polo concello de Cervo e pola AXI, nas porcentaxe de 25% e 75% respectivamente.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras ata un máximo de 768,761,65 € segundo a distribución de anualidades que a continuación se detalla con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0 código de proxecto 2022-00006, dos seus orzamentos.

Anualidade	Importe €
2022	33.750,00
2023	156.002,33
2024	579.009,32
Total	768.761,65

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

Ámbalas dúas administracións financiarán a execución das obras nas porcentaxes enriba sinaladas.



5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión directa dunha subvención

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19,4 c), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que debidamente xustificadas dificulten a súa convocatoria pública.

A estrada de Quintás non presenta beirarrúas nin beiravías en ningún tramo do seu trazado. Coa remodelación proxectada, cun novo trazado en parte do vial, xurde un carril de 3 m con beiravías e beirarrúas na marxe leste. Coa eliminación de parte da sinuosidade os radios ampliaranse garantindo xiros sen perigo para os autobuses que van o complexo histórico de Sargadelos o tempo que se desconxestiona o centro do núcleo urbano.

A mellora deste estrada facilitará o acceso dende o núcleo urbano e dende a estrada N-642 a aldea e as fábricas de Sargadelos, complexo siderúrxico e cerámico catalogado como conxunto histórico debido ao seu valor cultural e etnográfico, con importancia turística no concello.

Tendo en conta o anteriormente exposto resulta axeitado á concesión directa dunha subvención a este concello, xa que ningún outro podería presentarse nunha convocatoria en réxime de concorrència competitiva.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

